Data asento: 03/12/2018 16:34:06
Nº Rexistro: 41236
Data envio: 03/12/2018 16:34:06.691

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera que o proxecto cumpre coas esixencias de distancia de seguridade, que establece o RD 1619/2005, con respecto ás fábricas contiguas presentes nese polígono?

- Considera oportuna, ante todas as dúbidas recompiladas no procedemento de tramitación, así coma das modificacións sobrevidas, que obrigan estar á espera de ser resoltas pola propia Xunta de Galicia, a prudencia e dilixencia administrativa gardada polo Concello de Lalín por non ter emitido licenza de obra requirida?

- Considera oportuna a localización desta planta en dito polígono industrial?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-KaKEM9QS8-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 16:34:06
Nº Rexistro: 41236
Data envio: 03/12/2018 16:34:06.691

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/12/2018 16:33:34

María Montserrat Prado Cores na data 03/12/2018 16:33:39

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2018 16:33:40

Olalla Rodil Fernández na data 03/12/2018 16:33:42

Noa Presas Bergantiños na data 03/12/2018 16:33:43

Xosé Luis Bará Torres na data 03/12/2018 16:33:44

CSV: REXISTRO-KaKEM9QS8-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 41265
Data envío: 03/12/2018 19:00:54.745

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín María Fernández Leiceaga, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, establece: "*Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira*."
E no artigo 105.1 establece: *"de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais."*

O 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp, asinaron o primeiro Pacto local galego, de acordo co establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2de abril) e a Lei de Administración local de Galicia (Lei 7/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación vixente.

O dito pacto establece unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose no principio de subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.

CSV: REXISTRO-KdNtb8YJu-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Nas súas cláusulas, establécese que as partes asinantes se comprometen, entre outras cousas, a:

"*I.-Financiamento:*

Sen prexuízo do obxectivo irrenunciable e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:

- *Regulación do Fondo galego de cooperación local.*
- *Fondo de compensación interterritorial*
- *Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos*
- *Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria.*"

Pasados 12 anos desde a sinatura deste primeiro Pacto local galego e con catro anos consecutivos nos que o crecemento da economía galega, en termos de PIB, se sitúa no entorno do 3 %, é o momento de iniciar o debate no seo da Comisión Galega de Cooperación Local sobre un II Pacto local galego, no que se deben abordar unha serie de temas prioritarios como o incremento do Fondo Base do Fondo de Cooperación Local galego en 9.921.841 euros en dous anos; aprobar os criterios que rexan o reparto das subvencións da comunidade autónoma a favor das entidades locais, garantindo a igualdade de acceso para todas elas; constituír, no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, unha mesa de coordinación na que estean representadas a Xunta de Galicia, as catro deputacións provinciais e os concellos galegos para impulsar e primar a prestación compartida de servizos municipais para reducir gastos e aproveitar as economías de escala.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego abordar no exercicio 2019 o debate sobre o II Pacto local?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

CSV: REXISTRO-KdNtb8YJu-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 41265
Data envio: 03/12/2018 19:00:54.745

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/12/2018 18:58:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 18:58:14

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/12/2018 18:58:24

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/12/2018 18:58:34

CSV: REXISTRO-KdNtb8YJu-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 11:10:53
Nº Rexistro: 41276
Data envio: 04/12/2018 11:10:53.999

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O val de Valdeorras discorre a beira do río Sil, entre as provincias de Lugo e León. Nel atópanse os municipios de Rubiá, Carballeda, O Barco, Vilamartín, A Rúa e Petín. Decenas de poboacións se dispoñen en ámbalas marxes do río, de forma lonxitudinal, dende a súa entrada na zona do estreito en Cobas (Rubiá), ata a súa saída noutro encaixonamento do mesmo en San Martiño (Petín).

O val está rodeado por grandes montañas que chegan a máis de 2000 metros de altitude en Pena Trevinca e que alcanzan cotas moi importantes nas cadeas montañosas que serven de división coas provincias de Lugo e Zamora. Esta peculiar orografía provocou que, ao longo de séculos, elixísese o val de Valdeorras para a creación de vías de comunicación entre a meseta e a costa de Galicia e de Portugal. A Vía Nova e o Camiño de Santiago de Inverno son dous claros exemplos de camiños ancestrais que atravesan esta comarca de lado a lado. O Camiño de Inverno, que discorre durante 30 quilómetros pola comarca de Valdeorras, é unha ruta moi antiga que era utilizada polos peregrinos que preferían un trazado tranquilo e con climatoloxía invernal pouco adversa, xa que ao seguir gran parte do curso do río Sil, evitábanse as nevadas que adoitan rexistrarse no Camiño Francés, principalmente no Cebreiro. En canto á Vía Nova, era unha das vías de maior importancia que os romanos construíron no noroeste de Hispania e viña completar a rede de comunicacións de carácter principal que Roma deseñou para articular o territorio conquistado por Augusto. Destaca por unha serie e singularidades que fortalecen a súa importancia histórica e patrimonial, xa que conserva un gran número de miliarios elaborados en grandes bloques cilíndricos de granito, destinados, do mesmo xeito que os nosos indicadores quilométricos de estradas, a orientar e informar ao camiñante; posúe numerosas pontes en bo estado de conservación; e ademais consérvanse grandes tramos da calzada que permiten coñecer a técnica construtiva empregada polos enxeñeiros romanos.

Estas dúas rutas, unidas entre si e sumadas a algúns camiños rurais para usos agrícolas que discorren polas marxes do río Sil, fan posible a creación dunha senda peonil que, percorrendo o val de forma circular, sirva tanto para o gozar do

CSV: REXISTRO-RFfXHuPpf-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 11:10:53
Nº Rexistro: 41276
Data envío: 04/12/2018 11:10:53.999

deporte e lecer dos habitantes, coma dos visitantes. A súa lonxitude (82.750 metros) e a existencia de infraestruturas de servizos en todos os municipios, fai que permita percorridos, ben co camiño enteiro, ben por etapas, tanto ao redor do val, como de paso polo mesmo. Polas súas características e lonxitude, é tamén apta para as rutas en bicicleta. Esta senda posibilita non só o coñecemento das poboacións que percorre, senón tamén dos seus atractivos, tanto paisaxísticos como monumentais e de todo tipo. Entre os recursos naturais de maior relevancia destaca a Serra Enciña da Lastra, no municipio de Rubiá. Con 3.151 hectáreas de superficie, o parque é un cordel montañoso de rocas calcáreas con profundos vales que separa o Bierzo (León) e Valdeorras (Ourense). Trátase dunha zona natural de gran importancia ecolóxica e paisaxística, entre cuxas peculiaridades xeomorfolóxicas destacan vinte covas de orixe kárstico, coñecidas como "palas", un hábitat de extraordinaria importancia para, a lo menos 13 das 18 especies de morcegos achados en Galicia, e propicias para a práctica da espeleoloxía. Ten unha enorme diversidade Botánica, con máis de 1000 especies de flora superior, e unha gran variedade de fauna, con máis de 200 especies de vertebrados.

O devandito camiño está delimitado, sinalizado e acondicionado na práctica totalidade do seu percorrido, a excepción do tramo que discorre entre os municipios de Vilamartín e A Rúa, onde discorre pola N-536, o que provoca que resulte perigoso para os seus usuarios e usuarias. Por iso, faise necesario separar o camiño circular desta estrada para que se consiga un camiño totalmente libre de obstáculos e perigos. O Concello de Vilamartín xa realizou melloras, pero para dar continuidade ao executado no caso da Rúa, a dificultade do trazado, as fortes pendentes das ladeiras, a proximidade da infraestrutura do ferrocarril, e o feito de que o tramo da estrada polo acceso este ao núcleo da Rúa sexa de titularidade da Xunta de Galicia e non municipal, fan precisa a intervención do Goberno galego para prever un deseño seguro efectivo e que non produza interferencias coas infraestruturas citadas, con plenas garantías e seguridade, o que esixe unha solución técnica, algo máis elaborada que o mero feito de efectuar un camiño ou pista por unha ladeira. Con este obxectivo, o Concello da Rúa púxose en contacto en reiteradas ocasións coa Xunta de Galicia, sen obter ata este momento un compromiso claro de realizar obras de acondicionamento que redunden en melloras na seguridade deste tramo.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia, en termos de seguridade, do camiño circular de Valdeorras?

CSV: REXISTRO-RFfXHuPpf-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 11:10:53
Nº Rexistro: 41276
Data envío: 04/12/2018 11:10:53.999

2. Ten acometido o Goberno galego algunha obra de mellora neste camiño nos últimos anos?
3. Coñece a Xunta de Galicia os obstáculos e perigos que conleva para os usuarios e usuarias do camiño circular de Valdeorras o tramo comprendido entre Vilamartín e A Rúa?
4. En caso afirmativo, que medidas ten previsto poñer en marcha para garantir a seguridade neste tramo?
5. Como valora a Xunta de Galicia a proposta feita polo Concello de A Rúa para acondicionar e mellorar a seguridade no camiño circular de Valdeorras en A Rúa?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/12/2018 11:08:24

Raúl Fernández Fernández na data 04/12/2018 11:08:36

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/12/2018 11:08:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2018 11:08:46

CSV: REXISTRO-RFfXHuPpf-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 12:46:40
Nº Rexistro: 41281
Data envio: 04/12/2018 12:46:40.868

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita.**

Na sesión da comisión de investigación sobre os recortes na sanidade, celebrada o 28 de novembro no Parlamento de Galicia, unha poñente proposta pola Partido Popular, manifestou na súa comparecencia que se estaban dando tratamentos oncolóxicos a pacientes que non teñen máis perspectiva que un par de meses de vida e que polo tanto estábase a malgastar os cartos públicos.

Estas manifestacións, non foro nada acertadas en canto a que unicamente se estaban valorando os aspectos económicos, sen ter en conta os dereitos das persoas. Neste sentido, é necesario resaltar os dereitos acadados na Lei 5/2015 de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, recolle en varios dos seus artigos, os parámetros a ter en conta nestes tratamentos, baseándose nos criterios clínicos e nos deberes das e dos profesionais respecto do esforzo terapéutico, definindo cando é indicativo o esforzo terapéutico e cando non.

Resulta de todo perigoso que este tipo de observacións non teñan en conta a normativa aprobada na materia e valoren con números a calidade de vida dos pacientes terminais e oncolóxicos, cando deben ser as e os profesionais as que deben valorar estes tratamentos segundo a evidencia científica.

Ante isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

- Dispón o Servizo Galego de Saúde dos medios necesarios para garantir o dereito das persoas enfermas terminais?

CSV: REXISTRO-KOOQh4GVT-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 12:46:40
Nº Rexistro: 41281
Data envio: 04/12/2018 12:46:40.868

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Está o Goberno garantindo o cumprimento da Lei 15/2015 de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais?
- Está o Goberno a garantir o cumprimento e as limitacións do esforzo terapéutico segundo os parámetros que contempla a normativa?
- Cantas veces puxo o Goberno os criterios económicos por enriba do dereito á prestación sanitaria?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 04/12/2018 12:41:09

CSV: REXISTRO-KOOQh4GVT-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 12:57:01
Nº Rexistro: 41291
Data envio: 04/12/2018 12:57:01.120

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas e grandes das comarcas galegas. Esta decisión tivo que ver coa necesidade de resolver o problema derivado das vacacións dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias. Nalgúns centros, a ausencia do e da profesional de pediatría cóbrese con médicos de medicina familiar con algunha experiencia previa en atención pediátrica, ou con algunha formación en puericultura, e nunha gran parte deles non ten ningunha cobertura.

Con motivo desa decisión da agrupación do servizo en torno a determinados centros de saúde, e ao fío dunha interpelación e moción presentada polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia non confirmou nin desmentiu que a agrupación de profesionais fose unha decisión con previsión de estabilidade, o que acentuou a preocupación de pais e nais que non tiñan certeza sobre a continuidade do servizo de pediatría en primaria, atendido nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

Existen diversos problemas que recrudecen o problema da ausencia de profesionais de pediatría, como a nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa, a deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais que buscan precisamente o contrario, ou a ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, que na actualidade mantén a ausencia de pediatras en moitos puntos da xeografía, mantendo a decisión da agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan, no respecto a este servizo, como puntos de referencia comarcais.

CSV: REXISTRO-yzsowAaHj-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

É preciso, non entanto, considerar o servizo de pediatría coa atención suficiente para facer un plantexamento común que resolva o problema actual na medida do posible, e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado e valorado pola cidadanía.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que a actual situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde é satisfactoria para a cidadanía?

2. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar decisións na vía da contratación e estabilización de profesionais de pediatría no Sistema galego de saúde?

3. Prevé a Xunta de Galicia a contratación de novos/as especialistas en pediatría para o Sergas?

4. Comprométese a Xunta de Galicia a acordar co Goberno de España a axilización do proceso de acreditación de prazas para formación especializada en pediatría en Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 04/12/2018 12:50:19

Noela Blanco Rodríguez na data 04/12/2018 12:50:25

CSV: REXISTRO-yzsowAaHj-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:34:34
Nº Rexistro: 41295
Data envio: 04/12/2018 13:34:34.804

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A Axencia Tributaria publica cada ano un informe sobre os ingresos declarados por todas as persoas que no exercicio anterior percibiron rendas en forma de salarios. É a información máis completa, de orixe tributario, sobre o mercado de traballo e diferénciase sobre outras en que non se basea en enquisas realizadas sobre unha mostra de persoas, senón nos millóns de datos persoais rexistrados na Axencia Tributaria. Polo tanto, é unha investigación censal, non unha enquisa.

A fonte do informe denominado Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un dia.

Por iso no informe están todas as persoas asalariadas que cobraron un salario. O resultado é que no estudio o número de asalariados é superior ao da maioría das estatísticas —a EPA por exemplo— que utilizan medidas anuais mentres que na información da Axencia Tributaria están rexistradas todas as persoas asalariadas que tiveran algunha retención.

Non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017 — das que 438.302 pertencen á provincia da Coruña— e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.

CSV: REXISTRO-m5aT9WKdt-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:34:34
Nº Rexistro: 41295
Data envio: 04/12/2018 13:34:34.804

Os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais e a desigualdade porque os ingresos son o resultado das diferenzas no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da desigualdade e a pobreza laboral.

Os últimos datos dispoñibles, que son moi actuais porque son os de 2017, demostran que a desigualdade salarial, e polo tanto social, xa acadou un nivel inaceptable na Coruña pero a pesares diso non deixa de medrar.

O informe da Axencia Tributaria sinala que o ano pasado 74.150 persoas da provincia ingresaron menos da metade do salario mínimo interprofesional dese ano, isto é, menos de 353 euros mensuais. Pero iso non é o peor, nin a cifra que mide mellor o nivel salarial do tramo máis baixo de ingresos porque esa cifra é o limite máximo do grupo, que ten uns ingresos medios de 1.939 euros en todo o ano 2017, segundo o informe oficial da Axencia Tributaria que se pode consultar na súa web.

No extremo contrario está a elite social, unha exigua minoría de 1.965 persoas con ingresos que superan as dez veces o salario mínimo e que teñen ingresos medios declarados de 179.152 euros en 2017.

A comparación entre a elite e as persas de baixos ingresos proporciona unha medida precisa da insoportable desigualdade que sufrimos: os ingresos da elite multiplican por 92 veces os do tramo de ingresos mais baixos.

Ampliando algo mais o foco, no ano 2017 houbo 129.504 persoas asalariadas con ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional dese ano cun ingreso medio inferior a 7.500 euros anuais. Son o 30% do total das persoas con ingresos salariais de 2017 e sen embargo a suma dos seus ingresos só chega a ser o 6,5% da masa salarial total.

CSV: REXISTRO-m5aT9WKdt-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:34:34
Nº Rexistro: 41295
Data envio: 04/12/2018 13:34:34.804

No extremo contrario está o 1% de todas as que declararon ingresos salariais que foron quen de acumular case o 8% da masa salarial total. Isto é, o 1% mais rico acumula unha masa salarial total superior a que suman o 30% con menores ingresos: 5.559 persoas acumulan mais volume de renda que 130.000 persoas.

Unha desigualdade insoportable que non deixa de medrar porque, sendo historicamente alta, a recesión e as políticas de devaluación salarial, de conxelación do salario mínimo e de reformas laborais que debilitan a negociación colectiva fan que cada vez sexa mais grande.

En 2008 a ratio entre os que máis e os que menos ingresaban era de 71 veces, agora 82 veces, o que supón un incremento da desigualdade salarial do 30% nunha década na Coruña.

Combater a desigualdade é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo. Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coas sociedade civil o papel do goberno é determinante.

Diante desta situación de desigualdade inaceptable o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para resposta por escrito:

- que está facendo a Xunta para combater a insoportable desigualdade salarial na Coruña, coas graves consecuencias persoais, sociais e mesmo económicas que ten?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea

CSV: REXISTRO-m5aT9WKdt-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:34:34
Nº Rexistro: 41295
Data envio: 04/12/2018 13:34:34.804

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/12/2018 11:47:25

CSV: REXISTRO-m5aT9WKdt-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:45:16
Nº Rexistro: 41296
Data envio: 04/12/2018 13:45:16.756

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A Axencia Tributaria publica cada ano un informe sobre os ingresos declarados por todas as persoas que no exercicio anterior percibiron rendas en forma de salarios. É a información máis completa, de orixe tributario, sobre o mercado de traballo e diferénciase sobre outras en que non se basea en enquisas realizadas sobre unha mostra de persoas, senón nos millóns de datos persoais rexistrados na Axencia Tributaria. Polo tanto, é unha investigación censal, non unha enquisa.

A fonte do informe denominado Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un dia.

Por iso no informe están todas as persoas asalariadas que cobraron un salario. O resultado é que no estudio o número de asalariados é superior ao da maioría das estatísticas —a EPA por exemplo— que utilizan medidas anuais mentres que na información da Axencia Tributaria están rexistradas todas as persoas asalariadas que tiveran algunha retención.

Non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017— das que 104.609 pertencen a provincia de Ourense— e non se fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.

CSV: REXISTRO-CW3FDt30-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:45:16
Nº Rexistro: 41296
Data envio: 04/12/2018 13:45:16.756

Os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais e a desigualdade porque son o resultado das diferenzas no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da desigualdade e a pobreza laboral.

Os últimos datos dispoñibles, que son moi actuais porque son os de 2017, demostran que a desigualdade salarial, e polo tanto social, xa acadou un nivel inaceptable en Ourense, cono no resto de Galicia e do estado, pero a pesares diso non deixa de medrar.

O informe da Axencia Tributaria sinala que o ano pasado na provincia de Ourense 19.409 persoas ingresaron menos da metade do salario mínimo interprofesional dese ano, isto é, menos de 353 euros mensuais. Pero iso non é o peor, nin a cifra que mide mellor o nivel salarial do tramo mais baixo de ingresos porque esa cifra é o limite máximo do grupo, que ten uns ingresos medios de 2.085 euros en todo o ano 2017, segundo o informe oficial da Axencia Tributaria que se pode consultar na súa web.

No extremo contrario está a elite social, unha exigua minoría de 181 persoas con ingresos que superan dez veces o salario mínimo e que teñen ingresos medios declarados de 148.920 euros en 2017.

A comparación entre a elite e as persas de baixos ingresos proporciona unha medida precisa da insoportable desigualdade que sufrimos: os ingresos da elite multiplican por 71 veces os do tramo de ingresos mais baixos.

Ampliando algo mais o foco, no ano 2017 houbo 34.144 persoas asalariadas con ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional de ese ano cun ingreso medio inferior a 7.500 euros anuais. Son o 33% do total das persoas con ingresos

CSV: REXISTRO-CW3FDt30-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:45:16
Nº Rexistro: 41296
Data envio: 04/12/2018 13:45:16.756

salariais de 2017 e sen embargo a suma dos seus ingresos só chega a ser o 8% da masa salarial total na provincia de Ourense.

No extremo contraio está menos do 1% de todas as que declararon ingresos salariais pero que foron quen de acumular o 4% da masa salarial total. Isto é, o 1% mais rico acumula a metade da masa salarial total que o 33% con menores ingresos: 700 persoas acumulan a metade da renda que mais de 34.000 persoas.

Unha desigualdade insoportable que non deixa de medrar porque, sendo historicamente alta, a recesión e as políticas de devaluación salarial, de conxelación do salario mínimo e de reformas laborais que debilitan a negociación colectiva fan que cada vez sexa mais grande.

En 2008 a ratio entre os que mais e os que menos ingresaban era de 63 veces, agora 71 veces, o que supón un incremento da desigualdade salarial do 13% nunha década en Ourense.

Combater a desigualdade é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo. Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coas sociedade civil o papel do goberno é determinante.

Diante desta situación de desigualdade inaceptable o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para resposta por escrito:

-Que está facendo a Xunta para combater a insoportable desigualdade salarial en Ourense, coas graves consecuencias persoais, sociais e mesmo económicas que ten?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

CSV: REXISTRO-CW3FDt30-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:45:16
Nº Rexistro: 41296
Data envio: 04/12/2018 13:45:16.756

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/12/2018 11:47:02

CSV: REXISTRO-CW3FDt30-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:46:40
Nº Rexistro: 41298
Data envio: 04/12/2018 13:46:40.084

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A Axencia Tributaria publica cada ano un informe sobre os ingresos declarados por todas as persoas que no exercicio anterior percibiron rendas en forma de salarios. É a información máis completa, de orixe tributario, sobre o mercado de traballo e diferénciase sobre outras en que non se basea en enquisas realizadas sobre unha mostra de persoas, senón nos millóns de datos persoais rexistrados na Axencia Tributaria. Polo tanto, é unha investigación censal, non unha enquisa.

A fonte do informe denominado Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un dia.

Por iso no informe están todas as persoas asalariadas que cobraron un salario. O resultado é que no estudio o número de asalariados é superior ao da maioría das estatísticas —a EPA por exemplo— que utilizan medidas anuais mentres que na información da Axencia Tributaria están rexistradas todas as persoas asalariadas que tiveran algunha retención.

Non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017 — das que 365. 284 pertencen a provincia de Pontevedra— e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.

CSV: REXISTRO-2czdc8Sxu-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:46:40
Nº Rexistro: 41298
Data envio: 04/12/2018 13:46:40.084

Os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais e a desigualdade porque os ingresos son o resultado das diferenzas no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da desigualdade e a pobreza laboral.

Os últimos datos dispoñibles, que son moi actuais porque son os de 2017, demostran que a desigualdade salarial, e polo tanto social, xa acadou un nivel inaceptable en Pontevedra pero a pesares diso non deixa de medrar.

O informe da Axencia Tributaria sinala que o ano pasado 68.010 persoas ingresaron menos da metade do salario mínimo interprofesional dese ano, isto é, menos de 353 euros mensuais. Pero iso non é o peor, nin a cifra que mide mellor o nivel salarial do tramo mais baixo de ingresos porque esa cifra é o limite máximo do grupo, que ten uns ingresos medios de 2.069 euros en todo o ano 2017, segundo o informe oficial da Axencia Tributaria que se pode consultar na súa web.

No extremo contrario está a elite social, unha exigua minoría de 1.324 persoas con ingresos que superan as dez veces o salario mínimo pero que teñen ingresos medios declarados de 169.737 euros en 2017.

A comparación entre a elite e as persas de baixos ingresos proporciona unha medida precisa da insoportable desigualdade que sufrimos: os ingresos da elite multiplican por 82 veces os do tramo de ingresos mais baixos.

Ampliando algo mais o foco, no ano 2017 houbo 120.434 persoas asalariadas na provincia de Pontevedra con ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional de ese ano cun ingreso medio inferior a 7.500 euros anuais. Son o 33% do total das persoas con ingresos salariais de 2017 e sen embargo a suma dos seus ingresos só chega a ser o 8% da masa salarial total.

CSV: REXISTRO-2czdc8Sxu-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:46:40
Nº Rexistro: 41298
Data envio: 04/12/2018 13:46:40.084

No extremo contrario está o 1% de todas as que declararon ingresos salariais foron quen de acumular o 7% da masa salarial total. Isto é, o 1% mais rico acumula unha masa salarial total que se aproxima a que suman o 33% con menores ingresos: 3.732 persoas acumulan case o mesmo volume de renda que mais de 120.000 persoas.

Unha desigualdade insoportable que non deixa de medrar porque, sendo historicamente alta, a recesión e as políticas de devaluación salarial, de conxelación do salario mínimo e de reformas laborais que debilitan a negociación colectiva fan que cada vez sexa mais grande.

En 2008 a ratio entre os que mais e os que menos ingresaban era de 67 veces, agora 82 veces, o que supón un incremento da desigualdade salarial do 22% nunha década en Pontevedra.

Combater a desigualdade é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo. Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coas sociedade civil o papel do goberno é determinante.

Diante desta situación de desigualdade inaceptable o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para resposta por escrito:

-Que está facendo a Xunta para combater a insoportable desigualdade salarial en Pontevedra, coas graves consecuencias persoais, sociais e mesmo económicas que ten?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea

CSV: REXISTRO-2czdc8Sxu-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:46:40
Nº Rexistro: 41298
Data envio: 04/12/2018 13:46:40.084

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/12/2018 11:46:13

CSV: REXISTRO-2czdc8Sxu-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:47:46
Nº Rexistro: 41299
Data envio: 04/12/2018 13:47:46.800

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A Axencia Tributaria publica cada ano un informe sobre os ingresos declarados por todas as persoas que no exercicio anterior percibiron rendas en forma de salarios. É a información máis completa, de orixe tributario, sobre o mercado de traballo e diferénciase sobre outras en que non se basea en enquisas realizadas sobre unha mostra de persoas, senón nos millóns de datos persoais rexistrados na Axencia Tributaria. Polo tanto, é unha investigación censal, non unha enquisa.

A fonte do informe denominado Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un dia.

Por iso no informe están todas as persoas asalariadas que cobraron un salario. O resultado é que no estudio o número de asalariados é superior ao da maioría das estatísticas —a EPA por exemplo— que utilizan medidas anuais mentres que na información da Axencia Tributaria están rexistradas todas as persoas asalariadas que tiveran algunha retención.

Non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017, e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.

CSV: REXISTRO-BQvJ4eHGL-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:47:46
Nº Rexistro: 41299
Data envio: 04/12/2018 13:47:46.800

Os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais e a desigualdade porque os ingresos son o resultado das diferenzas no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da desigualdade e a pobreza laboral.

Os últimos datos dispoñibles, que son moi actuais porque son os de 2017, demostran que a desigualdade salarial, e polo tanto social, xa acadou un nivel inaceptable en Lugo pero a pesares diso non deixa de medrar.

O informe da Axencia Tributaria sinala que o ano pasado 20.551 persoas ingresaron menos da metade do salario mínimo interprofesional dese ano, isto é, menos de 353 euros mensuais. Pero iso non é o peor, nin a cifra que mide mellor o nivel salarial do tramo mais baixo de ingresos porque esa cifra é o limite máximo do grupo, que ten uns ingresos medios de 2.093 euros en todo o ano 2017, segundo o informe oficial da Axencia Tributaria que se pode consultar na súa web.

No extremo contrario está a elite social, unha exigua minoría de 211 persoas con ingresos que superan as dez veces o salario mínimo pero que teñen ingresos medios declarados de 129.255 euros en 2017.

A comparación entre a elite e as persas de baixos ingresos proporciona unha medida precisa da insoportable desigualdade que sufrimos: os ingresos da elite multiplican por 62 veces os do tramo de ingresos mais baixos.

Ampliando algo mais o foco, no ano 2017 houbo 37.038 persoas asalariadas con ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional de ese ano cun ingreso medio inferior a 7.500 euros anuais. Son o 35% do total das persoas con ingresos salariais de 2017 e sen embargo a suma dos seus ingresos só chega a ser o 8% da masa salarial total.

CSV: REXISTRO-BQvJ4eHGL-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:47:46
Nº Rexistro: 41299
Data envio: 04/12/2018 13:47:46.800

No extremo contraio menos do 1% de todas as que declararon ingresos salariais foron quen de acumular o 4% da masa salarial total. Isto é, o 1% mais rico acumula a metade da masa salarial total que o 35% con menores ingresos: 800 persoas acumulan a metade da renda que mais de 37.000 persoas.

Unha desigualdade insoportable que non deixa de medrar porque, sendo historicamente alta, a recesión e as políticas de devaluación salarial, de conxelación do salario mínimo e de reformas laborais que debilitan a negociación colectiva fan que cada vez sexa mais grande.

Combater a desigualdade é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo. Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coas sociedade civil o papel do goberno é determinante.

Diante desta situación de desigualdade inaceptable o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para resposta por escrito:

- Que está facendo a Xunta para combater a insoportable desigualdade salarial en Lugo, coas graves consecuencias persoais, sociais e mesmo económicas que ten?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea

CSV: REXISTRO-BQvJ4eHGL-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2018 13:47:46
Nº Rexistro: 41299
Data envio: 04/12/2018 13:47:46.800

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai deseñar o Goberno da Xunta de Galicia un plan urxente de rexeneración ambiental, con memoria económica, das zonas protexidas de Galicia afectadas polos incendios forestais cada ano?
2. Cantas hectáreas de queirogais e de bosques antigos ou primarios resultaron queimadas? Non son importantes para o Goberno?

CSV: REXISTRO-cE8vabmoo-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3. Por que non dixo a verdade a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2018 13:10:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 13:10:21

María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 13:10:26

CSV: REXISTRO-cE8vabmoo-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:30:50
Nº Rexistro: 41413
Data envio: 05/12/2018 13:30:50.068

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, que pertence ao Grupo Nosa Terra XXI e que xestiona o Hospital privado do mesmo nome, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación dos concertos son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora nas condicións da empresa, que supoñen un custo para o Servizo Galego de Saúde e nas que ademais, a empresa aproveita a conxuntura para endurecer as condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Unha vez máis, asistimos a outra chantaxe da empresa, rexistrando un preconcurso de acredores e culpando de presuntas perdas ao concerto que mantén co Servizo Galego de Saúde, para instar unha negociación onde poder esixir máis recursos públicos. A realidade nos amosa unha vez máis, o que supón non investir en servizos públicos e manter negocios coa privada.

CSV: REXISTRO-JoisiR5d8-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:30:50
Nº Rexistro: 41413
Data envio: 05/12/2018 13:30:50.068

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia da actual situación, pese a que vistas as contas a empresa non presenta problemas de impagos tal e como argumenta?
- Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a utilización do persoal do hospital e da asistencia sanitaria por parte da empresa, á hora de esixir máis recursos públicos?
- Que valoración lle merece á Xunta de Galicia a redución de camas e instalacións públicas do SERGAS na Área sanitaria de Vigo?
- Non considera a Xunta de Galicia que esta xestión económica de POVISA, unida ás longas listas estruturais das que adoece, resultan un indicativo da inviabilidade de manter concertos sanitarios de xeito estrutural no Servizo Galego de Saúde?
- Ten feito algún estudo a Xunta de Galicia sobre a viabilidade de asumir a atención sanitaria de POVISA, mediante a fórmula administrativa que más beneficie á Administración asegurando os postos de traballo e a prestación sanitaria de Área?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-JoisiR5d8-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:30:50
Nº Rexistro: 41413
Data envio: 05/12/2018 13:30:50.068

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Eva Solla Fernández na data 05/12/2018 13:22:31

CSV: REXISTRO-JoisiR5d8-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:46:45
Nº Rexistro: 41423
Data envio: 05/12/2018 13:46:45.321

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

As mulleres de idade avanzada, a miúdo con escasos recursos económicos e dependentes economicamente das súas parellas, atópanse especialmente expostas ao risco de violencia, exercida baixo formas complexas e sutís que levan a invisibilizar o problema. O progresivo envellecemento da poboación e a súa repercusión nas situacións de dependencia funcional e emocional favorecen que as persoas maiores sexan un dos grupos sociais máis susceptibles de sufrir situacións de abuso, malos tratos e/ou violencia. Se as persoas maiores son un colectivo de seu case inexistente no debate mediático, os abundantes casos de violencia machista a partires dos 65 anos quedan socialmente silenciados ante a escaseza de denuncias e moi especialmente de acompañamento, o que fai aínda máis difícil a situación de moitas mulleres que levan décadas sufrindo en silencio.

Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial das 54.209 denuncias interpostas por malos tratos, só 1.042 (1,9 por cento) corresponden a mulleres maiores de 65 anos. Pero isto non se debe confundir cunha menor incidencia. A denuncia non é fácil, dependen en moitos casos economicamente do agresor, adoitan estar illadas, e con falla de apoio da súa contorna. Ademais, a súa idade dificúltalles refacer as súas vidas libres de violencia.

Tendo en conta esta alarmante situación, dende o Grupo Socialista temos posto en moitas ocasións a focaxe sobre a violencia machista que sofren as persoas maiores, tanto pola necesidade de mellorar a detección destes casos, como de facilitar á saída desta espiral de violencia con axudas específicas ás vítimas que se atopan nesta franxa de idade.

As traballadoras do centro de día para persoas maiores de Ribadeo, dependente da Xunta de Galicia, prepararon durante meses actividades vinculadas ao 25 de novembro, Día Internacional pola eliminación das violencias cara as mulleres, intervencións terapéuticas centradas nas persoas maiores**.** Cando todo estaba preparado para presentar estes traballos o pasado día 23, xornada sinalada en Ribadeo para os principais actos vinculados a esta data de concienciación e reivindicativa, a Consellería de Política Social enviou unha carta ao centro

CSV: REXISTRO-ppVsgUBmA-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:46:45
Nº Rexistro: 41423
Data envío: 05/12/2018 13:46:45.321

segundo a cal impedía participar, secundar e apoiar calquera campaña en relación ao 25 de novembro que non fóra a da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o contido da carta enviada, por parte da Consellería de Política Social, aos centros de política social en relación ás actividades vinculadas ao 25 de novembro, Día Internacional pola eliminación das violencias cara as mulleres?
2. En que datas se enviaron estas cartas?
3. Cales foron os centros aos que se enviaron?
4. Por que motivo a Xunta de Galicia impediu participar, secundar, e apoiar aos centros de política social dependentes da Administración autonómica, calquera campaña en relación ao 25 de novembro que non fóra a da Xunta de Galicia?
5. Tomouse esta medida en anos anteriores?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia manter esta política de exclusividade das campañas da Xunta de Galicia nos centros de política social, en relación ao Día Internacional pola eliminación das violencias cara as mulleres?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2018 13:43:38

María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 13:43:46

Julio Torrado Quintela na data 05/12/2018 13:43:50

CSV: REXISTRO-ppVsgUBmA-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:47:43
Nº Rexistro: 41428
Data envio: 05/12/2018 13:47:43.041

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

A historia do Álvaro Cunqueiro é a crónica dunha estafa anunciada. Unha privatización que supón para as arcas públicas un canon anual que a Administración debe pagar á empresa concesionaria de máis de 70 millóns de euros ao ano.

Todo isto, enmarcado nun contexto de incumprimentos por parte da Concesionaria, que ademais non escatima en pleitear con Administración para reclamar más cartos.

O negocio resulta redondo para a UTE, que cada ano vai incrementando os seus beneficios. No 2017, co Hospital funcionando a pleno rendemento, a Concesionaria Novo Hospital de Vigo rexistrou uns beneficios de máis de 3 millóns de euros, fronte aos máis de 70 que debe desembolsar a Administración, polo privatización do proxecto, o financiamento e a explotación.

Os pleitos da Concesionaria coa Administración, non se reducen unicamente á Administración autonómica, fai pouco que vimos de coñecer a última sentencia, que aínda non é firme, en relación á discrepancia na exención do IBI entre a Concesionaria e o Concello.

Neste contexto, sorprende ver a conivencia da Xunta de Galicia e do Servizo Galego de Saúde coa Concesionaria, defendendo a exención fronte ao criterio do Concello. De feito, ante a modificación da ordenanza fiscal que regula esta exención, o xerente do SERGAS, interpuxo alegacións como representante do

CSV: REXISTRO-VYjyzugx8-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:47:43
Nº Rexistro: 41428
Data envio: 05/12/2018 13:47:43.041

SERGAS e de GALARIA, ambas inadmitidas pro extemporaneidade e por falta de lexitimidade respectivamente, no mesmo sentido que a propia Concesionaria, o que demostra como a propia Administración autonómica, defende por enriba da necesidade recadación da Administración local, o aumento de beneficios.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Considera normal a Xunta de Galicia, defender o aumento de beneficios por parte da Concesionaria fronte á recadación pública da Administración local?
- Vai a mudar o Goberno o seu posicionamento respecto ao tema do IBI?
- Por que interpuxo o xerente do Sergas alegacións a través de Galaria e do Servizo Galego de Saúde para evitar a modificación da ordenanza fiscal?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/12/2018 13:45:53

CSV: REXISTRO-VYjyzugx8-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:48:02
Nº Rexistro: 41429
Data envio: 05/12/2018 13:48:02.401

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e **José Manuel Pérez Seco**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O pasado 3 de decembro o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, mantivo unha xuntanza de traballo en Madrid coa Ministra de Defensa, Margarita Robles, centrada na cuestión das fragatas F-110 que construirá o estaleiro público de Navantia en Ferrol para a Armada española, que suporá un investimento de 4.326 millóns de euros, e terá un impacto no emprego duns sete mil postos de traballo durante case unha década. Así mesmo, este proxecto suporá o 40 por cento da contratación que Navantia estima para os próximos cinco anos, e incrementaría o PIB da economía española en preto de 600 millóns de euros anuais, polo que sen dúbida este contrato sería fundamental para a economía da zona, polo impulso que daría á deprimida bisbarra de Ferrol.

Ao termo do encontro, o líder dos socialistas galegos anunciou que o contrato será aprobado "nas próximas semanas" no Consello de Ministros, segundo a información trasladada pola propia titular de Defensa, agradecendo que "*o Ministerio teña feito os deberes, tendo que chegar o goberno socialista para desatascar un proxecto que levaba no caixón do goberno do PP moitos anos*"

De feito, Gonzalo Caballero instou a Feijóo e o PP a "*explicar por que querían debater tanto sobre o tipo de mísiles que querían poñer nas fragatas, e por que retrasaron tanto o proxecto*" dende 2014.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai da cobertura que se realizou por parte da radio e da televisión públicas galegas, do encontro que o secretario xeral do PSdeG mantivo o pasado 3 de decembro coa Ministra de Defensa do Goberno de España, tralo que anunciou que o estaleiro público de Navantia en Ferrol construirá para a Armada española fragatas F-110?
2. Canto tempo se dedicou a esta nova durante os informativos o día que coñecemos a nova, e/ou os posteriores?

CSV: REXISTRO-8qR1Jgc4A-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 13:48:02
Nº Rexistro: 41429
Data envio: 05/12/2018 13:48:02.401

3. Considera que a cobertura estivo á altura dun medio público como a RTVG?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
José Manuel Pérez Seco
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2018 13:44:10

Julio Torrado Quintela na data 05/12/2018 13:44:16

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/12/2018 13:44:21

CSV: REXISTRO-8qR1Jgc4A-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41437
Data envio: 05/12/2018 14:00:47.555

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Dende o ano 1959 Ence ocupa unha importante superficie na marxe esquerda da ría, entre os municipios de Pontevedra e Marín. A súa situación non é a máis axeitada e tanto é así que ata o propio presidente da Xunta de Galicia se subiu a ese carro un día de Pleno no Parlamento de Galicia. O rexeito veciñal levou a unha transacción acordada por unanimidade no Parlamento de Galicia hai tres lexislaturas para atopar unha nova situación para Ence fóra da ría de Pontevedra. Ese rexeitamento tamén sacou á rúa a unhas 20 000 persoas en Pontevedra cando o goberno de Mariano Rajoy (en funcións e por delegación a unha directora xeral) concedía a Ence unha prórroga por 60 anos máis, coa bendición do Goberno galego.

Sobre as 09:00 horas do día de hoxe, propagábase un incendio na factoría (e que foi controlado unha media hora despois), polo que ardía unha torre de refrixeración diante de oficinas da empresa e ao carón do secapastas. Desaloxouse a fábrica e non houbo danos persoais, mais as lapas foron moi altas e xeraron unha densa columna de fume.

A Dirección da compañía emitiu esta mesma mañá un comunicado oficial informando que o fume non afectou ás poboacións circundantes e que analizarán as causas do incendio. Nada máis.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Comparte o Goberno galego que a situación de Ence en Lourizán (Pontevedra) non é a axeitada?
2. Ten noticias o Goberno de cales foron as causas da orixe do incendio ocorrido esta mañá do 5 de decembro?
3. Que foi o que ardeu especificamente?

CSV: REXISTRO-iGfzmnDxh-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41437
Data envio: 05/12/2018 14:00:47.555

4. Que materiais arderon?
5. Activouse o protocolo de seguridade dentro da fábrica?
6. Activouse o protocolo de seguridade fóra da fábrica?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2018 13:58:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 13:58:25

María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 13:58:30

CSV: REXISTRO-iGfzmnDxh-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41439
Data envio: 05/12/2018 14:14:03.377

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Matilde Begoña Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Dolores Toja Suárez e **José Manuel Pérez Seco**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto en réxime de alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 3 de maio do 2018 era de 11801 demandantes, a maior parte deles, un 75 % son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 % destes con opción a compra.

A 4 de decembro de 2018 se sitúa xa en 12.961, isto é a un ritmo de algo máis de 5 demandantes novos ó día.

E a este incremento da demanda parece non acompañarlle a oferta de vivenda pública así como a construción de vivendas de protección oficial, que ten baixado notablemente nos últimos anos en Galicia. A Xunta de Galicia ten atribuído estes escasos recursos para promoción de vivendas públicas á súa aposta política pola rehabilitación e reutilización de vivendas baleiras.

O pasado ano 2017 en toda España obtiveron a cualificación definitiva un total de 1036 vivendas de promoción pública, datos que se reflicten no propio Observatorio de Vivenda y Suelo. Nos primeiros 6 meses do ano 2018 se teñen rexistrado tan só 211, o que parece indicar unha baixada importante.

En Galicia foron soamente oito as vivendas protexidas de promoción pública que obtiveron a cualificación definitiva (seis na provincia de A Coruña e dúas na de Pontevedra) segundo datos do propio Ministerio de Fomento. Dato que constata a escasa, por non dicir case inexistente oferta, que se ve incapaz de cubrir suficientemente a demanda actual.

Nos seis primeiros meses do 2018 se reflicte a cualificación de tres vivendas na provincia de A Coruña e dúas na de Pontevedra.

CSV: REXISTRO-nCD4IK4Ya-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Polo tanto en A Coruña se teñen cualificado definitivamente seis vivendas de promoción pública no ano 2017 e 3 no que vai do 2018.

A cifra actual de demandantes deste tipo de vivendas na provincia de A Coruña é de 4967 persoas, 3915 das cales o son de vivenda de promoción pública, en réxime de alugueiro ou propiedade.

En diferentes debates neste Parlamento, tanto en Comisión como en Pleno, se ten manifestado a inexactidude destes datos.

O grupo Parlamentario Socialista considera necesario o coñecemento exhaustivo deste tipo de datos que permitan a correcta formulación das políticas de vivenda.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas vivendas protexidas de promoción pública foron cualificadas definitivamente no ano 2017 na provincia de A Coruña?
2. Cantas foron cualificadas no que vai de ano 2018?
3. Considera este Goberno que son correctos os datos de cualificacións definitivas de vivenda protexida, tanto de promoción pública como de promoción privada, que manexa o Observatorio Estatal de Vivenda dependente do Ministerio de Fomento?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 14:10:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 14:10:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/12/2018 14:10:54

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 05/12/2018 14:10:57

CSV: REXISTRO-nCD4IK4Ya-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

María Dolores Toja Suárez na data 05/12/2018 14:11:03

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/12/2018 14:11:10

CSV: REXISTRO-nCD4IK4Ya-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41441
Data envio: 05/12/2018 14:14:38.524

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto en réxime de alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 3 de maio do 2018 era de 11801 demandantes, a maior parte deles, un 75 por cento son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 por cento destes con opción a compra.

A 4 de decembro de 2018 se sitúa xa en 12.961, isto é a un ritmo de algo máis de cinco demandantes novos ó día.

E a este incremento da demanda parece non acompañarlle a oferta de vivenda pública así como a construción de vivendas de protección oficial, que ten baixado notablemente nos últimos anos en Galicia. A Xunta de Galicia ten atribuído estes escasos recursos para promoción de vivendas públicas á súa aposta política pola rehabilitación e reutilización de vivendas baleiras.

O pasado ano 2017 en toda España obtiveron a cualificación definitiva un total de 1036 vivendas de promoción pública, datos que se reflicten no propio Observatorio de Vivenda y Suelo. Nos primeiros seis meses do ano 2018 se teñen rexistrado tan só 211, o que parece indicar unha baixada importante.

En Galicia foron soamente oito as vivendas protexidas de promoción pública que obtiveron a cualificación definitiva (seis na provincia de A Coruña, e dúas na de Pontevedra) segundo datos do propio Ministerio de Fomento. Dato que constata a escasa, por non dicir case inexistente oferta, que se ve incapaz de cubrir suficientemente a demanda actual.

Nos 6 primeiros meses do 2018 se reflicte a cualificación de tres vivendas na provincia de A Coruña e dúas na de Pontevedra.

CSV: REXISTRO-LELgQyEF7-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Polo tanto na provincia de Lugo non se ten cualificado nin unha soa vivenda, nin no 2017 nin no que vai de 2018.

A cifra actual de demandantes deste tipo de vivendas na provincia de Lugo é de 1397 persoas, 1170 das cales o son de vivenda de promoción pública, en réxime de alugueiro ou propiedade.

En diferentes debates neste Parlamento, tanto en Comisión como en Pleno, se ten manifestado a inexactidude destes datos.

O Grupo Parlamentario Socialista considera necesario o coñecemento exhaustivo deste tipo de datos que permitan a correcta formulación das políticas de vivenda.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas vivendas protexidas de promoción pública foron cualificadas definitivamente no ano 2017 na provincia de Lugo?
2. Cantas foron cualificadas no que vai de ano 2018?
3. Considera este Goberno que son correctos os datos de cualificacións definitivas de vivenda protexida, tanto de promoción pública como de promoción privada, que manexa o Observatorio Estatal de Vivenda dependente do Ministerio de Fomento?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 14:08:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 14:09:10

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/12/2018 14:09:16

Patricia Otero Rodríguez na data 05/12/2018 14:09:21

CSV: REXISTRO-LELgQyEF7-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41443
Data envio: 05/12/2018 14:15:08.234

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto en réxime de alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 3 de maio do 2018 era de 11801 demandantes, a maior parte deles, un 75 por cento son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 por cento destes con opción a compra.

A 4 de decembro de 2018 se sitúa xa en 12.961, isto é a un ritmo de algo máis de cinco demandantes novos ó día.

E a este incremento da demanda parece non acompañarlle a oferta de vivenda pública así como a construción de vivendas de protección oficial, que ten baixado notablemente nos últimos anos en Galicia. A Xunta de Galicia ten atribuído estes escasos recursos para promoción de vivendas públicas á súa aposta política pola rehabilitación e reutilización de vivendas baleiras.

O pasado ano 2017 en toda España obtiveron a cualificación definitiva un total de 1036 vivendas de promoción pública, datos que se reflicten no propio Observatorio de Vivenda y Suelo. Nos primeiros seis meses do ano 2018 se teñen rexistrado tan só 211, o que parece indicar unha baixada importante.

En Galicia foron soamente oito as vivendas protexidas de promoción pública que obtiveron a cualificación definitiva (seis na provincia de A Coruña e dúas na de Pontevedra) segundo datos do propio Ministerio de Fomento. Dato que constata a escasa, por non dicir case inexistente oferta, que se ve incapaz de cubrir suficientemente a demanda actual.

Nos seis primeiros meses do 2018 se reflicte a cualificación de tres vivendas na provincia de A Coruña e dúas na de Pontevedra.

CSV: REXISTRO-xdOZuMrms-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Polo tanto na provincia de Ourense non se ten cualificado definitivamente nin unha soa vivenda de promoción pública nin no ano 2017 nin no que vai de ano do 2018.

A cifra actual de demandantes deste tipo de vivendas na provincia de Ourense é de 543 persoas, 477 das cales o son de vivenda de promoción pública, en réxime de alugueiro ou propiedade.

En diferentes debates neste Parlamento, tanto en Comisión como en Pleno, se ten manifestado a inexactidude destes datos.

O Grupo Parlamentario Socialista considera necesario o coñecemento exhaustivo deste tipo de datos que permitan a correcta formulación das políticas de vivenda.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas vivendas de promoción pública foron cualificadas definitivamente no ano 2017 na provincia de Ourense?
2. Cantas foron cualificadas no que vai de ano 2018?
3. Son correctos os datos de cualificacións definitivas de vivenda protexida, tanto de promoción pública como de promoción privada, que manexa o Observatorio Estatal de Vivenda dependente do Ministerio de Fomento?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 14:07:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 14:07:14

Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2018 14:07:20

Raúl Fernández Fernández na data 05/12/2018 14:07:25

CSV: REXISTRO-xdOZuMrms-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41445
Data envio: 05/12/2018 14:15:35.966

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Abel Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto en réxime de alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 3 de maio do 2018 era de 11801 demandantes, a maior parte deles, un 75 por cento son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 por cento destes con opción a compra.

A 4 de decembro de 2018 se sitúa xa en 12.961, isto é a un ritmo de algo máis de cinco demandantes novos ó día.

E a este incremento da demanda parece non acompañarlle a oferta de vivenda pública así como a construción de vivendas de protección oficial, que ten baixado notablemente nos últimos anos en Galicia. A Xunta de Galicia ten atribuído estes escasos recursos para promoción de vivendas públicas á súa aposta política pola rehabilitación e reutilización de vivendas baleiras.

O pasado ano 2017 en toda España obtiveron a cualificación definitiva un total de 1036 vivendas de promoción pública, datos que se reflicten no propio Observatorio de Vivenda y Suelo. Nos primeiros seis meses do ano 2018 se teñen rexistrado tan só 211, o que parece indicar unha baixada importante.

En Galicia foron soamente oito as vivendas protexidas de promoción pública que obtiveron a cualificación definitiva (seis na provincia de A Coruña e dúas na de Pontevedra) segundo datos do propio Ministerio de Fomento. Dato que constata a escasa, por non dicir case inexistente oferta, que se ve incapaz de cubrir suficientemente a demanda actual.

Nos seis primeiros meses do 2018 se reflicte a cualificación de tres vivendas na provincia de A Coruña e dúas na de Pontevedra.

CSV: REXISTRO-PbpPruhz9-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Polo tanto na provincia de Pontevedra se teñen cualificado definitivamente dúas vivendas de promoción pública no ano 2017 e dúas no que vai do 2018.

A cifra actual de demandantes deste tipo de vivendas na provincia de Pontevedra é de 6054 persoas, 5452 das cales o son de vivenda de promoción pública, en réxime de alugueiro ou propiedade.

En diferentes debates neste Parlamento, tanto en Comisión como en Pleno, se ten manifestado a inexactidude destes datos.

O Grupo Parlamentario Socialista considera necesario o coñecemento exhaustivo deste tipo de datos que permitan a correcta formulación das políticas de vivenda.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas vivendas protexidas de promoción pública foron cualificadas definitivamente no ano 2017 na provincia de Pontevedra?
2. Cantas foron cualificadas no que vai de ano 2018?
3. Considera este Goberno que son correctos os datos de cualificacións definitivas de vivenda protexida, tanto de promoción pública como de promoción privada, que manexa o Observatorio Estatal de Vivenda dependente do Ministerio de Fomento?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 14:05:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 14:05:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/12/2018 14:05:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2018 14:05:57

CSV: REXISTRO-PbpPruhz9-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41445
Data envio: 05/12/2018 14:15:35.966

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 05/12/2018 14:06:02

CSV: REXISTRO-PbpPruhz9-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:52:02
Nº Rexistro: 41457
Data envio: 05/12/2018 16:52:02.051

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente **ao Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita,** relativa á cobertura de presencias de persoal nos servizos de coidados intensivos e reanimación no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

O servizos de coidados intensivos e reanimación están considerados coma "servizos especiais" dentro do Servizo Galego de Saúde. A súa complexidade, a elevada especialización da atención e a situación clínica complexa das e dos doentes o xustifican.

Nestes servizos o persoal de enfermaría, tanto DUE coma TCAE, fanse cargo do control continuo do estado das e dos doentes que require control de diversa aparataxe coma por exemplo respiradores, bombas de infusión con diversas drogas, hemodiálise, drenaxes, medidores de presión intracraneal ou abdominal, marcapasos, etc. Ao mesmo tempo o persoal de enfermaría faise cargo do control da medición de diversos parámetros coma as constantes vitais, balance hídrico, inxesta, etc e tamén da hixiene, mobilización e nutrición de estas persoas, entre moitas cousas, incluíndo tamén o acompañamento das e dos doentes na realización das probas complementarias que precisen coma poden ser os TAC ou as RNM.

Estes exemplos dan a medida do elevado grao de complexidade e continuidade dos coidados e, polo tanto, da necesidade de que as ratios de persoal se cumpran.

Ao mesmo tempo, son unidades nas que moitos dos ingresos, sobre todo no que ten que ver coas unidades de coidados intensivos, non son previsibles, polo que se fai

CSV: REXISTRO-IXSMy1dsH-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:52:02
Nº Rexistro: 41457
Data envio: 05/12/2018 16:52:02.051

moi necesario manter ditas ratios para que o persoal estea dispoñible para atender os ingresos de doentes críticos.

Desgraciadamente, estas ratios estanse a incumprir no hospital Álvaro Cunqueiro, sendo cada vez máis frecuentes os "descubertos" de persoal nestas unidades. Unha situación que incrementa de xeito irreposnable a craga de traballo do persoal e empeora a calidade asistencial.

As baixas e permisos do persoal de enfermaría non se están a cubrir de forma normal. Feito que obriga ao resto do persoal a facerse cargo das e dos doentes que levan estas profesionais.

Ao mesmo tempo, é habitual que se mova persoal de estes servizos para cubrir as baixas e permisos de outros servizos que tampouco son cubertas coa lista de contratación, algo totalmente inasumible.

Este panorama ten a complicación engadida do deseño arquitectónico das unidades, que limitan o control visual das camas dende diversos puntos. Feito que fai moi difícil o control das e dos doentes doutras zonas da unidade cando se asume un incremento da carga de traballo.

Por non falar do contraproducente que é en termos de prevención de infeccións nosocomiais o deprazamento de persoal entre diferentes unidades nas que pode haber doentes inmunodeprimidas/os e/ou doentes infecciosas/os.

Ante estas circunstancias, o Grupo Parlamentario de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- É consciente a Consellería de Sanidade dos "descubertos" de persoal de enfermaría nestas unidades? Que opinión lle merece?

2.- Vai tomar algún tipo de medida para evitar mover ao persoal e darlle cobertura ás baixas e permisos mantendo sempre cubertas as ratios correspondentes de DUE e TCAE?

CSV: REXISTRO-IXSMy1dsH-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:52:02
Nº Rexistro: 41457
Data envio: 05/12/2018 16:52:02.051

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/12/2018 16:46:55

CSV: REXISTRO-IXSMy1dsH-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:14:32
Nº Rexistro: 41463
Data envio: 05/12/2018 17:14:32.375

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

En Galicia temos normativa sobre a xestión dos pneumáticos fóra de uso dende o ano 2005, isto é, dende o Real decreto 1619/2005 e o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2020, ademais de serlle de aplicación a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

A empresa Racso Soluciones, S.L. fixo dúas solicitudes en 2017:

1. Á Xunta de Galicia, autorización para ser xestor de valorización de pneumáticos ao final da súa vida útil nunha nave en desuso do polígono de Botos (en Lalín), solicitude que tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
2. Ao Concello de Lalín, comunicación previa de obras sobre esa nave en desuso no polígono de Botos.

Comezou entón un período de consultas pola consellería, no marco dun trámite de avaliación ambiental simplificada (Grupo 9 e do Anexo II da Lei de 2013), e así a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático formulou informe de impacto ambiental do proxecto. En novembro daquel ano, a consellería foi requirindo máis información, incluído o certificado de fin de obra que debía emitir o Concello, mais a empresa non chegou a aportar ese preceptivo certificado, polo que a consellería resolveu a caducidade do expediente hai uns días.

E por que a consellería resolveu a caducidade do expediente? Pois porque faltaba o certificado final de obra. E por que faltaba o certificado final de obra? Pois porque o Concello de Lalín fixo os seus deberes, respondeu á comunicación previa de obras da empresa no prazo establecido, pediu informes ao técnico municipal de medio ambiente e logo este reclamou informes para subsanar cuestións de seguridade, anti-incendios e tamén unha solicitude para autorización de vertidos en Augas de Galicia. É dicir, o Concello de Lalín estivo recabando información e documentación para decidir se outorgaba ou non a licenza municipal para a obra sobre a nave e, nese mesmo tempo, a Consellería declarou

CSV: REXISTRO-PUDOFqFW2-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:14:32
Nº Rexistro: 41463
Data envío: 05/12/2018 17:14:32.375

a caducidade do expediente porque a empresa non presentou o fin de obra, mais o Goberno non deu traslado da súa resolución de caducidade ao Concello.

E agora Racso Soluciones, S.L. inicia de novo a tramitación do expediente.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a solicitude que lle fixo ao Goberno galego a empresa Racso Soluciones S.., e relativa á autorización para ser xestor de valorización de pneumáticos ao final da súa vida útil nunha nave abandonada do polígono de Botos-Lalín, tivo un trámite de avaliación ambiental simplificada?
2. Sabe o Goberno por que fallaba o certificado de fin de obra que é obriga do Concello de Lalín?
3. Tiña coñecemento o Goberno da tramitación dunha solicitude de licenza municipal no Concello de Lalín? Mantivo algún contacto o Goberno galego co Concello?
4. Cal foi o motivo polo que o Goberno non deu traslado ao Concello de Lalín da resolución de caducidade do expediente?
5. Entra dentro da lealdade institucional que o Goberno non dese traslado da súa resolución de caducidade con relación á solicitude ao Concello por Racso Soluciones S.L., tendo que se decatar os servicios municipais pola prensa de que tiñan que suspender a tramitación do seu expediente?
6. Na avaliación de impacto ambiental do Goberno dise que “previo ao punto de vertido á rede de saneamento municipal, instalarase unha arqueta para a toma de mostras”. Significa isto que os vertidos van ir á EDAR do polígono?
7. Sabe o Goberno se o polígono de Botos ten recollida separativa ou rede pluvial?
8. Sabe o Goberno se as augas vertidas van ir ao río Asneiro ou ao regato Riádigos?
9. Iniciado de novo o trámite de autorización ambiental, que tipo de procedemento vai usar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, abreviado ou ordinario?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

CSV: REXISTRO-PUDOFqFW2-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2018 17:13:07

María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 17:13:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 17:13:16

CSV: REXISTRO-PUDOFqFW2-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:25:37
Nº Rexistro: 41471
Data envio: 05/12/2018 17:25:37.953

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrito**.

O Centro Galego (CG) de Buenos Aires foi fundado en 1907 como entidade social e cultural, e presta atención sanitaria desde 1912. A fonda crise económica que atravesou Arxentina nos anos 90 do século pasado, condiciona a evolución deste centro.

A principios do século XXI, a Xunta de Galiza asina un Protocolo de actuación co Centro Galego para a asistencia sanitaria dos seus asociados. En virtude deste protocolo, créase a Fundación Galiza Saúde que xestionará a área hospitalaria da Mutual e compromete recursos para a dotación fundacional do goberno galego. O Centro Galego aportaría as cotas dos seus socios mutualistas e deber o uso dos bens móbeis e inmóbeis que constitúen as instalacións sanitarias da Mutual.

En 2011, despois de que perdera o candidato á presidencia do Centro Galego apoiado por Alberto Núñez Feixóo, a Xunta toma a decisión de liquidar a Fundación Galiza Saúde, acelerando unha crise que pon en risco a atención sanitaria e a pervivencia do patrimonio cultural. O goberno galego nin tan sequera avaliou o plan de viabilidade que a nova directiva elaborou consumando o abandono da Xunta deste centro emblemático da emigración galega na Arxentina.

CSV: REXISTRO-OZuvD5oBz-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:25:37
Nº Rexistro: 41471
Data envio: 05/12/2018 17:25:37.953

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Secretario Xeral de emigración, a esta altura, Santiago Camba afirmaba oficialmente que Galiza ""seguirá apoiando economicamente ao centro galego" e "presionará para implicar ao Goberno de España na axuda económica aos hospitais españois do exterior."

Porén a realidade foi por outros derroteiros. O CG entra en concurso e a Xustiza Nacional do Civil resolve en outubro de 2012 a intervención do instituto, confirmada en 2013 pola Cámara Nacional Civil, a través do Instituto Nacional de Asociativismo e Economía Social (INAES).

Desde esa data o CG tivo tres interventores. A situación agrávase após a decisión de desvincular ao CG de OSPAÑA, o que tería evitado as dificultades económicas deste hospital e que ten sido motivo de controversia.

Baixo a actuación do último interventor, designado polo goberno neoliberal de Macri, prodúcese un desmantelamento do Hospital. Segundo se ten denunciado, a actuación da intervención provocou o despido de 1200 persoas, desorde administrativo e financeiro, e careceu dunha estratexia que permitira a continuidade do centro. O obxectivo non era reflotar o centro, senón desmantelar o hospital.

O centro galego tiña unha débeda de 60 millóns de pesos antes da intervención do INAES en 2012. Hoxe estímase que pode ser de 1.700 millóns de pesos, fundamentalmente polos retrasos nos pagos e salarios e polos custes de despidos que foron declarados nulos ou improcedentes pola xustiza arxentina.

A situación do CG é límite. A finais de decembro está convocada unha asemblea decisiva. Se non tomamos medidas pode perderse un dos emblemas da emigración galega, coa venta do Hospital e un futuro incerto para o patrimonio cultural e artístico deste centro.

CSV: REXISTRO-OZuvD5oBz-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:25:37
Nº Rexistro: 41471
Data envio: 05/12/2018 17:25:37.953

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento de Galiza ten aprobado unha declaración institucional na que se resaltaba o valor deste centro e se definía como obxectivo "conservar unido todo o patrimonio inmobiliario, artístico e cultural que conforma o Centro Galego de Buenos Aires." e demandábase a "Xunta de Galicia e mesmo do Goberno Español –a través do Ministerio de Asuntos Exteriores– actuacións concretas diante do Goberno Arxentino encamiñadas a solucionar definitivamente o gravísimo problema polo que atravesa a centenaria institución. Reclamamos, en primeiro lugar, vontade política para preservar e garantir a atención médica de calidade dos actuais socios e socias e a protección do patrimonio artístico, documental, bibliográfico, editorial... e solicitamos esforzos para consensuar unha solución que impida a demolición e a especulación inmobiliaria dun predio que debe seguir sendo referente de Galicia en Buenos Aires."

Porén nada se ten avanzado e urxe unha solución satisfactoria que evite o desmantelamento do Centro Galego. É preciso evitar a venta e consensuar unha solución que permita a pervivencia deste centro.

Polo dito formúlase a seguinte pregunta para resposta escrito:

Que ten previsto facer a Xunta de Galiza para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

CSV: REXISTRO-OZuvD5oBz-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:25:37
Nº Rexistro: 41471
Data envio: 05/12/2018 17:25:37.953

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 17:21:03

María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 17:21:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 17:21:09

Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 17:21:11

Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 17:21:12

Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 17:21:13

CSV: REXISTRO-OZuvD5oBz-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:37:25
Nº Rexistro: 41474
Data envío: 05/12/2018 17:37:25.811

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita,** sobre o peche da escola unitaria de Sada.

Hai tempo que o Partido Popular decidiu desmantelar a educación guiado polo convencemento de que se trata dun gasto e non dun investimento necesario para garantir un futuro digno á xente moza e ao propio país.

O ano pasado, o Goberno da Xunta pechou varios centros en O Porriño, Ribadavia, As Pontes e Outes, confiando en que a calma chicha do verán ocultase o seu novo recorte ao ensino. Non foi así. O conxunto da comunidade educativa opúxose á súa decisión por considerala unha nova agresión á educación pública. Porén, isto non impediu que a Consellería de Educación, comandada (aínda) por Román Rodríguez, fulminase finalmente os centros, estafando ás familias –que xa decidiran un lugar de estudo para os seus fillos– e vulnerando os dereitos laborais dos profesores –que non souberon ata o último momento que tiñan que cambiar de destino–.

A comezo de curso, o Partido Popular acometeu un novo recorte á educación pública, atacando ao elo da cadea más feble: as escolas unitarias cuxo cometido é o de garantir unha formación próxima e de calidade aos rapaces e rapazas que habitan espazos baleirados polo desleixo do Goberno.

A Consellería de Educación resolveu pechar a Escola de Educación Infantil de Apeadeiro, no concello coruñés de Cambre, e a de Solbeira, en Paderme de

CSV: REXISTRO-veP8TI5u-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:37:25
Nº Rexistro: 41474
Data envio: 05/12/2018 17:37:25.811

Allariz, Ourense, alegando que non contan cun número suficiente de alumnos, xa que en cada un dos centros so hai matriculados tres rapaces e rapazas. A Consellería decidiu, así mesmo, suprimir 74 unidades en centros escolares de educación infantil, primaria e especial, e anular 19 clases que foran habilitadas para afrontar subas do número de alumnado.

Pola súa banda, a escola unitaria de Sada atópase nunha situación de incerteza. A Consellería de Educación comunicou onte (4/12/2018) ás familias a súa intención de pechar a escola de Carnoedo e trasladar ás alumnas ao colexio de Mondego á volta de vacacións de Nadal. Outra vez aproveitando o período de lecer. A decisión da Xunta colleu ás familias e ao Concello por sorpresa. É certo que a matrícula deste curso é moi reducida, pero argumenta que a Xunta autorizou que se iniciase o curso nestas condicións e apela aos trastornos que se derivarán do traslado dos cativos a estas alturas.

O alcalde de Sada púxose en contacto cos responsables de Educación para esixir explicacións polo posible peche. O rexedor manifestou o rexeitamento do Goberno local á decisión autonómica e solicitou o apoio de todos os grupos da Corporación para manter aberta a unitaria ata xuño e adoptar as medidas que correspondan en función das matrículas do vindeiro curso.

Malia todo, aínda non está claro que a actividade do centro vaia ter continuidade. Por este motivo, Sada, pais e nais dos alumnos e alumnas matriculados decidiron manifestarse coa intención de que non se peche a escola de Carnoedo demandando unha resposta positiva por parte da Xunta. A escola continuará aberta?

O peche das escolas unitarias reviste especial gravidade porque contribúe a precarizar, aínda máis, os servizos públicos aos que ten acceso a cidadanía,

CSV: REXISTRO-veP8TI5u-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:37:25
Nº Rexistro: 41474
Data envio: 05/12/2018 17:37:25.811

dificultando que esta poida desenvolver proxectos de futuro e comprometendo a posibilidade de fixar ao territorio a nosa cada vez máis minguante poboación. O peche das escolas unitarias non afecta só aos rapaces e rapazas; non afecta só as súas familias, que terán que buscar novas maneiras de organizar as súas rotinas; afecta ao modelo de país que queremos. Ao recortar en educación, o Partido Popular compromete o futuro do noso territorio e insiste na expulsión das novas xeracións. Isto é algo que non nos podemos permitir.

Vimos de coñecer que a natalidade en Galicia acadou mínimos históricos o pasado ano. Os 18.312 nacementos do ano pasado supoñen a cifra máis baixa dende que existe rexistros históricos. O número descendeu un 4% respecto do exercicio anterior. Fronte a isto, contabilizáronse un total de 31.600 defuncións.

Os nacementos concéntranse sobre todo nos concellos próximos as capitais y principais cidades do eixo atlántico, o que significa que o interior rural de Galicia continúa esmorecendo. Mentres que en Pontevedra e A Coruña houbo, respectivamente, 6.876 e 7.689 nacementos, en Ourense e Lugo só se produciron 1.683 e 2.064 partos.

Isto non sucede por casualidade. Galicia mingua porque as políticas do Partido Popular son incapaces de garantirlles ás familias as condicións mínimas para asentarse e desfrutar dunha vida digna. Para reverter o devalo demográfico é prioritario investir nos servizos públicos, e, moi especialmente, na educación. Ningunha parella vai decantarse por formar unha familia se non ten xeito de educar as súas crianzas sen que iso desbarate por completo as súas vidas.

É por iso que, mentres haxa rapaces e rapazas, ningunha escola unitaria debería pechar, xa que ademais de cumprir a función educativa que lles corresponde, reforzan a continuidade da poboación local. Se unha parella sabe que vai ter

CSV: REXISTRO-veP8TI5u-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:37:25
Nº Rexistro: 41474
Data envio: 05/12/2018 17:37:25.811

asegurada a educación dos seus fillos e fillas na contorna próxima, é moito máis probable que se decante por permanecer no lugar que se o acceso á educación pública depende de se o resto da veciñanza decide formar familias no mesmo período.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Vai manter aberta A Xunta de Galicia a escola unitaria de Carnoedo, en Sada?
2.ª) Se non é así, por que non?
3.ª) Por que ignora o feito de que a escola aínda que conta co número inferior de inscritos requirido polo propio Goberno, no futuro incrementará o seu alumnado?
4.ª) Por que se comunica ás familias de maneira súbita cando a Consellería non só autorizou que se iniciase o curso senón que se desenvolvese durante este primeiro trimestre?
5.ª) É consciente a Consellería do trastorno que causaría ás familias, alumnas e profesorado?
6.ª) Que é o que está barallando o Goberno?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

CSV: REXISTRO-vePf8TI5u-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:37:25
Nº Rexistro: 41474
Data envío: 05/12/2018 17:37:25.811

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/12/2018 17:25:08

Luca Chao Pérez na data 05/12/2018 17:25:15

CSV: REXISTRO-vePf8TI5u-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:41:27
Nº Rexistro: 41481
Data envio: 05/12/2018 17:41:27.890

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Os mercados actuais están copados no seu labor alimentario polas grandes cadeas de distribución que moven produtos desde os máis recónditos lugares xeográficos do planeta.

Estes alimentos producidos a prezos irrisorios por poboacións que viven en condicións de explotación e de paupérrimas condicións alimentarias, sanitarias e de xustiza social, son postos a prezos cos que a meirande parte das veces os produtores locais non poden competir.

Compiten, si, en calidade, condicións hixiénicas e sanitarias e no control na utilización de fitosanitarios, almacenamento e sobre todo en calidade.

É tamén unha realidade a uniformización de sabores, o sacrificio da calidade e da orixinalidade destes produtos alimenticios en aras da cantidade e do baixo custo.

CSV: REXISTRO-bq1Vtxq0-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:41:27
Nº Rexistro: 41481
Data envio: 05/12/2018 17:41:27.890

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É tamén unha realidade o abandono da fruticultura como actividade agraria neste noso País que pola contra conta cunha vasta variedade de microclimas e solos propicios para o desenvolvemento desta actividade como xeradora de economía e con posibilidades de asentamento de poboación chamando por brazos mozos.

Existe, en Guísamo, antiga sede do CIAM unha colección de variedades autóctonas galegas, preto do medio centenar, recollidas e seleccionadas polos anos 60, de mazás de sidra e de mesa que están á espera de que alguén con bo criterio se lembre da súa existencia e da renomeada sona que antano tiñan entre a poboación deste País e entre a de fóra.

Houbo perante o moi lembrado Bipartito, e non sempre con boas intencións, proxectos para a reintrodución dalgunhas destas variedades que contan con tódolos elementos necesarios: presentación, aroma e sabores, para seren introducidas nun mercado cada vez máis esixente nas personalidades propias e sabores e aromas con "pedigrí".

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Ten pensado a Consellería de Medio Rural facer algo co tesouro xenético, en forma de maceiras, depositado en Guísamo e Mabegondo?

-Ten feito algún estudo de mercado, algún xeito de prospección arredor das posibilidades de futuro e de implantación destes produtos de marca galega?

CSV: REXISTRO-bq1Vtxq0-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:41:27
Nº Rexistro: 41481
Data envio: 05/12/2018 17:41:27.890

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Estaría disposta a Consellería de Medio Rural a considerar a posibilidade de abrir unha liña de axudas a novas incorporacións á actividade hortofrutícola así como reforzar con especies autóctonas a actividade xa existente?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 17:39:20

María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 17:39:25

Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 17:39:26

CSV: REXISTRO-bq1Vtxq0-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:41:27
Nº Rexistro: 41481
Data envio: 05/12/2018 17:41:27.890

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 17:39:28

Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 17:39:29

Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 17:39:31

CSV: REXISTRO-bq1Vtxq0-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:45:04
Nº Rexistro: 41491
Data envio: 05/12/2018 17:45:04.390

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A mocidade galega, de entre 16 e 35 anos, ten atopado na vivenda unha das súas principais batallas.

A emancipación en solitario, cunha única fonte de ingresos, é pouco probable por debaixo dos 30 anos. Tan só o 19 por cento o conseguiu a finais de 2017 (a primeiros do 2013 eran o 21,9 por cento), segundo os últimos datos do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España (CJE). Eurostat o ratifica: a idade media á que se abandona a casa familiar (29,3 anos) é a sexta máis alta en Europa.

Isto é así porque a porcentaxe de ingresos que os menores de 30 anos deben destinar para acceder a unha vivenda supera o 30 por centro recomendable. No caso das persoas asalariadas en solitario é sanguento: o aluguer cómese un 88,8 por cento dos seus ingresos e a compra un 61 por cento.

O actual Plan de vivenda 2018-2021 prevé dous tipos de axudas, tanto para o aluguer como para a compra de menores de 35 anos. Nun caso a axuda ascende a un máximo de 10.800 € para a compra de vivenda, ou axudas de ata o 50 por centro da renda para o alugueiro.

Este tipo de axudas, que no caso de compra, está restrinxida a vivendas en concellos con menos de 5.000 habitantes, non chegan a todos ou todas as mozas e non teñen en conta que estes residen e queren residir onde existen os mellores servicios, comunicacións e oportunidades de traballo, algo que dificilmente acontece no rural galego.

A incapacidade económica tanto para alugar ou comprar vivenda nas grandes vilas galegas, é especialmente complicada para todos e todas as mozas. A finais do primeiro semestre de 2017 se constataba que, para alugar, unha persoa moza debería dedicar o 85 por cento do seu salario para poder emanciparse. Algo que é totalmente inasumible e ao que contribúe, entre outras cuestións, ó empobrecemento deste sector da poboación, así como ó retraso na súa

CSV: REXISTRO-s4aWYr74V-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:45:04
Nº Rexistro: 41491
Data envio: 05/12/2018 17:45:04.390

independencia, paternidade, maternidade, e polo tanto ó avellentamento da poboación.

Dentro da Consellería de Política Social e do programa Emancipación Xuvenil, o que pretende ser unha axuda para dirixir ós e ás mozas no seu proceso de emancipación, tense reducido dende case ano e medio, a unha simple pantalla na que a única ligazón vixente en materia de vivenda fai referencia ó Plan de vivenda estatal 2018-2021.

A realidade é que non parece ter moito sentido que un Plan específico da Xunta de Galicia se reduza a ser a simple antesala doutro plan estatal, sen aportar as especifidades da nosa comunidade no proceso de busca de vivenda.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso dirixir dun mellor modo a posibilidade de emancipación dos e das mozas galegas, e asegurando especialmente o seu acceso á vivenda, explorando todas as posibilidades que permitan adaptarse as necesidades deste colectivo, desde a súa etapa de formación. Só a información ben recibida pode facilitar o coñecemento real dos dereitos e con elo a capacidade de exercelos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as medidas específicas para a emancipación xuvenil e acceso á vivenda coas que conta este goberno e postas en marcha durante esta lexislatura?
2. Con que resultados?
3. Do Rexistro Único de Demandantes de Galicia, cal é o dato desagregado de persoas mozas de ata 35 anos?
4. Cantos son homes e cantas mulleres?
5. Considera este Goberno necesario reforzar as medidas contempladas no Plan estatal de vivenda para axudas ó alugueiro con medidas específicas de apoio á emancipación dos e das mozas que permitan o acceso á vivenda de todas as persoas moza galegas?
6. Comparte a idea de que é preciso apostar por novas fórmulas de acceso á vivenda e en especial daquelas que teñan en conta a temporalidade, inestabilidade laboral, e mobilidade que caracterizan os arrendatarios mozos?

CSV: REXISTRO-s4aWYr74V-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 17:45:04
Nº Rexistro: 41491
Data envio: 05/12/2018 17:45:04.390

7. Dado que cada día son menos os mozos na nosa comunidade, e moitas máis as persoas maiores, ¿contempla este goberno o impulso a modelos de convivencia interxeneracional, en réxime de alugueiro, que permita a convivencia de ámbolos dous colectivos?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 17:40:15

Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2018 17:40:21

Julio Torrado Quintela na data 05/12/2018 17:40:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 17:40:31

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2018 17:40:36

CSV: REXISTRO-s4aWYr74V-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 18:03:42
Nº Rexistro: 41495
Data envio: 05/12/2018 18:03:42.683

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o proceso de recentralización política no Estado español e a posición de Galiza ao respecto.

Nos últimos anos Galiza viuse afectada por un proceso de recentralización política desenvolvido aproveitando a crise económica como coartada. Os sucesivos gobernos españois acometeron mudanzas que limitaron o exercicio das competencias transferidas ao noso país estreitando, aínda máis, o autogoberno galego.

Todas estas mudanzas leváronse a cabo co visto e prace do Partido Popular na Xunta de Galiza que actuou de cómplice necesario e mesmo de alumno avantaxado durante a última década.

Nos últimos meses, as forzas políticas da dereita española, avanzaron unha nova ofensiva recentralizadora. Neste senso, o presidente do Partido Popular, Pablo Casado, anunciou que a vontade da súa formación –a mesma que preside a Xunta de Galiza-- de quitar as competencias de Educación e Sanidade ás autonomías.

"*¿Qué pintan las autonomías decidiendo si solo se estudia el río de su pueblo o qué idioma se tiene que hablar en el recreo?"*, afirmaba no mes de novembro, Casado facendo alarde dunha mestura entre ignorancia supina e absoluto desprezo cara os distintos territorios, no que a nós respecta, cara á Galiza.

CSV: REXISTRO-61c8vEeoK-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 18:03:42
Nº Rexistro: 41495
Data envio: 05/12/2018 18:03:42.683

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O obxectivo do Partido Popular é que a Xunta de Galiza torne nunha xestoría e apenas asuma o pagamento das nóminas do profesorado e persoal sanitario mais en ningún caso que decida sobre a selección dese persoal e moito menos sobre o deseño, planificación e ordenación destes servizos públicos que son, ademais, dereitos fundamentais.

A ofensiva recentralizadora da dereita non fica apenas no ensino. Sanidade e xustiza están tamén no punto de mira, no ataque que o Partido Popular está a deseñar e pretende lanzar contra o autogoberno do noso país. Cuestión que foi apoiada publicamente polo Partido Popular en Galiza e polo presidente da Xunta dun país, cómpre lembrar, que no estreito marco autonómico goza de competencias plenas en materia educativa e sanitaria.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Apoia a Xunta de Galiza o proceso recentralizador que a dereita, a comezar polo Partido Popular, pretende levar a cabo no Estado español?

- Defende o Goberno galego o autogoberno?

- Que pensa facer a Xunta de Galiza diante desta ofensiva?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

CSV: REXISTRO-61c8vEeoK-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 18:03:42
Nº Rexistro: 41495
Data envio: 05/12/2018 18:03:42.683

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 18:02:16

María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 18:02:20

Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 18:02:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 18:02:23

Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 18:02:24

Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 18:02:25

CSV: REXISTRO-61c8vEeoK-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 18:18:49
Nº Rexistro: 41504
Data envio: 05/12/2018 18:18:49.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os medios e recursos dos que dispón Galiza en materia de protección das mulleres en situación de violencia machista.

O 5 de decembro Galiza rexistrou un intento de asasinato machista que tivo lugar no Concello do Grove. Un home disparou a que fora a súa compañeira, da que tiña unha orde de afastamento en vigor.

Feriuna, atrincheirouse na vivenda e despois pegouse un tiro sendo trasladadas ambas as dúas persoas ao Hospital de Montecelo. O home fora detido había tres meses por violencia machista e contaba cunha orde de afastamento en vigor.

No que vai de ano en Galiza foron asasinadas pola violencia machista tres mulleres, na última década a cifra ascende a 45.

Segundo o informe estatístico do Sistema VioGén (a 30 de novembro de 2018) en Galiza hai 27.153 vítimas de violencia machista e 29.561 casos dos que 3.462 están catalogados como activos. Deles, 356 están situados nun nivel de

A Coruña	474	852	187			1.513	9.798	11.311	10.385
Lugo	249	191	33	2		475	2.999	3.474	3.212
Ourense	237	142	21	1		401	2.955	3.356	3.097
Pontevedra	510	443	115	4	1	1.073	10.347	11.420	10.459
Galicia	**1.470**	**1.628**	**356**	**7**	**1**	**3.462**	**26.099**	**29.561**	**27.153**

CSV: REXISTRO-6ZhZuLDa2-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 18:18:49
Nº Rexistro: 41504
Data envio: 05/12/2018 18:18:49.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

risco medio, 7 alto e 1 extremo; os restantes 1.470 considéranse de risco non apreciado.

O intento de asasinato machista e o feito de que existise sobre o detido unha orde de afastamento en vigor exixe unha reflexión ampla sobre os recursos dos que dispomos no noso país para garantir a protección daquelas mulleres que denuncian.

Neste senso, axentes da policía que participaron na xornada de formación organizada pola Delegación do Goberno español en Galiza denunciaron a precariedade na que traballan e o feito de non disporen dos recursos necesarios para garantir os dereitos das mulleres en situación de violencia machista.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cre a Xunta de Galiza que existen medios suficientes no noso país para garantir a protección das mulleres en situación de violencia machista?

- No intento de asasinato acontecido no Grove no que existía unha orde de afastamento en vigor, ten analizado a Xunta de Galiza que fallou?

CSV: REXISTRO-6ZhZuLDa2-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 18:18:49
Nº Rexistro: 41504
Data envio: 05/12/2018 18:18:49.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten coñecemento o Goberno galego das carencias denunciadas polas forzas de seguridade que traballan en materia de violencia machista no noso país?

- Están garantidos estes medios e recursos no conxunto do país ou existen diferenzas entre o eixo atlántico e as comarcas do interior?

- Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar a Xunta de Galiza ao respecto?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-6ZhZuLDa2-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 18:18:49
Nº Rexistro: 41504
Data envio: 05/12/2018 18:18:49.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 18:16:57

María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 18:17:01

Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 18:17:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 18:17:09

Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 18:17:11

Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 18:17:12

CSV: REXISTRO-6ZhZuLDa2-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727